## ARTÍCULO 1. FUNDAMENTO Y NATURALEZA.

En uso de las facultades concedidas por los artículos 133.2 y 142 de la Constitución y por el art. 106 de la Ley 7/85, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, y de conformidad con lo dispuesto en los artículos 15 a 19 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, el Ayuntamiento de A Coruña establece la Tasa por prestación del servicio de alcantarillado y depuración de aguas residuales, a que se refiere el artículo 20.4 r) del propio Real Decreto Legislativo, que se regirá por la presente Ordenanza Fiscal, cuyas normas atienden a lo prevenido en el art. 57 del citado Real Decreto Legislativo.

## ARTÍCULO 2. HECHO IMPONIBLE.

Constituye el hecho imponible de esta tasa la utilización o prestación de alguno de los servicios siguientes:

1. La utilización del alcantarillado municipal para la evacuación de excretas, aguas negras, pluviales y residuales en beneficio de las fincas situadas en el término municipal, siendo obligatorio que sus desagües y acometidas se verifiquen a la red general o a sus ramales, cualquiera que sea el lugar en que se ubiquen.
2. La prestación del servicio de recepción obligatoria, de depuración de aguas residuales.
3. La prestación del servicio de vigilancia, inspección y limpieza obligatoria del alcantarillado particular, fosas sépticas y pozos negros.
4. En general, todos aquellos servicios propios del objeto de esta Ordenanza que sean provocados por los interesados o que especialmente redunden en su beneficio, aún cuando estos no solicitaren su prestación y que, siendo de competencia municipal, tengan carácter obligatorio en virtud de precepto legal o reglamentario.

## ARTÍCULO 3. OBLIGACIÓN DE CONTRIBUIR.

Se devenga la tasa y nace la obligación de contribuir cuando se inicie la actividad municipal que constituye el hecho imponible, haya mediado o no la pertinente autorización. Se entenderá iniciada la actividad municipal:

a) En la fecha de presentación de la oportuna solicitud de licencia de acometida si el sujeto pasivo la formula expresamente y, en otro caso, desde que tenga lugar la efectiva acometida a la red de alcantarillado, sin perjuicio de las sanciones que procedan en este último supuesto.
b) En los servicios que se prestan a solicitud del interesado o a causa de éste, en el momento en que se presenta la solicitud o se provoca la prestación del servicio.
c) En la modalidad del art. 2.1, se presumirá que la acometida a la red lleva consigo la utilización del servicio.
d) Las nuevas edificaciones están sujetas al pago de la tasa por acometida a la red, aún cuando ya se hubiera satisfecho anteriormente por el edificio que anteriormente ocupaba la finca.

## ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello da Coruña establece a Taxa por prestación do servizo de rede de sumidoiros e depuración de augas residuais, a que se refire o artigo 20.4 r) do propio real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao prevido no art. 57 do citado real decreto lexislativo.

## ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito impoñible desta taxa a utilización ou prestación dalgún dos servizos seguintes:

1. A utilización da rede de sumidoiros municipal para a evacuación de excretas, augas negras, pluviais e residuais en beneficio dos predios situados no termo municipal, sendo obrigatorio que os seus desaugadoiros e as acometidas se verifiquen á rede xeral ou aos seus ramais, calquera que sexa o lugar en que se localicen.
2. A prestación do servizo de recepción obrigatoria, de depuración de augas residuais.
3. A prestación do servizo de vixilancia, inspección e limpeza obrigatoria da rede de sumidoiros particular, fosas sépticas e pozos negros.
4. En xeral, todos aqueles servizos propios do obxecto desta ordenanza que sexan provocados polos interesados ou que especialmente redunden no seu beneficio, aínda cando estes non solicitasen a súa prestación e que, sendo de competencia municipal, teñan carácter obrigatorio en virtude de precepto legal ou regulamentario.

## ARTIGO 3. OBRIGA DE CONTRIBUÍR.

Xérase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito impoñible, mediase ou non a pertinente autorización. Entenderase iniciada a actividade municipal:

a) Na data de presentación da oportuna solicitude de licenza de acometida se o suxeito pasivo a formula expresamente e, noutro caso, dende que teña lugar a efectiva acometida á rede de sumidoiros, sen prexuízo das sancións que procedan neste último suposto.
b) Nos servizos que se prestan por solicitude do interesado ou por causa deste, no momento en que se presenta a solicitude ou se provoca a prestación do servizo.
c) Na modalidade do art. 2.1, presumirase que a acometida á rede leva consigo a utilización do servizo.
d) As novas edificacións están suxeitas ao pagamento da taxa por acometida á rede, aínda cando xa se satisfixese anteriormente polo edificio que anteriormente ocupaba o terreo.

**ARTÍCULO 4. OBLIGADO TRIBUTARIO.**

1. Son obligados tributarios contribuyentes las personas físicas y jurídicas y las entidades a que se refiere el art. 35.4 de la Ley General Tributaria que sean:

   a) Respecto del servicio de alcantarillado, depuración y de vigilancia e inspección del alcantarillado particular, las personas que aparezcan como beneficiarios y usuarios de los mismos, presumiéndose que ostentan tal condición quienes consten como titulares a efectos del abono al servicio de abastecimiento de agua a los inmuebles.
   b) Respecto del servicio de limpieza de fosas sépticas y pozos negros, los propietarios de las instalaciones en las que se presta.
   c) En los servicios de acometida, el solicitante o, de no mediar autorización, quien la haya realizado y si fuera desconocido, el propietario del inmueble beneficiado.
   d) En general, quienes resulten beneficiados o provoquen la prestación de los servicios a que se refiere esta Ordenanza.

2. Serán responsables solidarios de la deuda tributaria las personas o entidades a que se refiere el artículo 42 de la Ley General Tributaria.

3. Serán responsables subsidiarios los administradores de las sociedades y los síndicos, interventores o liquidadores de quiebras, concursos, sociedades y entidades en general, en los supuestos y con el alcance que señala el art. 43 de la Ley General Tributaria.

**ARTÍCULO 5. BENEFICIOS FISCALES.**

Tributarán por cuota cero, en los consumos domésticos, los contribuyentes beneficiarios de la Renta de Inserción Social de Galicia y los acogidos a regímenes protectores de carácter público análogos al mencionado.

En aquellos casos en los que el sujeto pasivo acredite que los ingresos familiares, obtenidos por cualquier concepto, no rebasan el Indicador Público de Renta de Efectos Múltiples (IPREM), la cuota tributaria será el resultado de multiplicar el coeficiente de 0,25 por la tarifa prevista para los consumos domésticos.

En aquellos casos en los que el sujeto pasivo acredite que los ingresos familiares, obtenidos por cualquier concepto, no rebasan la cantidad de multiplicar el Indicador Público de Renta de Efectos Múltiples (IPREM) por 1,5, la cuota tributaria será el resultado de multiplicar el coeficiente de 0,5 por la tarifa prevista para los consumos domésticos.

Para tener derecho a la obtención de estos beneficios, el interesado deberá cumplir los siguientes requisitos:

**ARTIGO 4. OBRIGADO TRIBUTARIO.**

1. Son obrigados tributarios contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o art. 35.4 da Lei xeral tributaria que sexan:

   a) Respecto do servizo de rede de sumidoiros, depuración e de vixilancia e inspección da rede de sumidoiros particular, as persoas que aparezan como beneficiarios e usuarios deles, presumíndose que ostentan tal condición os que consten como titulares para os efectos do abono ao servizo de abastecemento de auga aos inmobles.
   b) Respecto do servizo de limpeza de fosas sépticas e pozos negros, os propietarios das instalacións nas que se presta.
   c) Nos servizos de acometida, o solicitante ou, de non mediar autorización, quen a realizase, e se fose descoñecido, o propietario do inmoble beneficiado.
   d) En xeral, quen resulte beneficiado ou provoque a prestación dos servizos a que se refire esta ordenanza.

2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei xeral tributaria.

**ARTIGO 5. BENEFICIOS FISCAIS.**

Tributarán por cota cero, nos consumos domésticos, os contribuíntes beneficiarios da Renda de Inserción Social de Galicia e os acollidos a réximes protectores de carácter público análogos ao mencionado.

Naqueles casos nos que o suxeito pasivo acredite que os ingresos familiares, obtidos por calquera concepto, non rebasan o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), a cota tributaria será o resultado de multiplicar o coeficiente de 0,25 pola tarifa prevista para os consumos domésticos.

Naqueles casos nos que o suxeito pasivo acredite que os ingresos familiares, obtidos por calquera concepto, non rebasan a cantidade de multiplicar o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) por 1,5, a cota tributaria será o resultado de multiplicar o coeficiente de 0,5 pola tarifa prevista para os consumos domésticos.

Para ter dereito á obtención destes beneficios, o interesado deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Que el sujeto pasivo sea titular del contrato del suministro de agua con EMALCSA.
- Que el sujeto pasivo se encuentre empadronado y resida en la vivienda para la que solicita el beneficio.
- Los ingresos familiares se entenderán como ingresos en la unidad convivencial, entendiendo por tales los de los empadronados así como aquellos que residan habitualmente en la vivienda y puedan justificarse por cualquier medio válido en Derecho. A efectos del cálculo de los ingresos se considerarán los del ejercicio de la solicitud de la bonificación en el caso de pensiones o prestaciones sociales y los del ejercicio anterior en el caso de salarios u otros rendimientos. Estos ejercicios serán los de comparación con el IPREM.

**ARTÍCULO 6. BASE DE GRAVAMEN.**

La base del presente tributo vendrá determinada:

a) En cuanto al servicio de alcantarillado, depuración, vigilancia e inspección del que sea particular, por el volumen de agua consumida, medida por contador, según la facturación realizada por el servicio municipal de aguas, con las medidas correctoras precisas cuando existe una manifiesta desproporción entre el consumo de agua y el vertido a la red de alcantarillado.
b) En caso de que las fincas o actividades dispusieran del servicio de alcantarillado y no del servicio de aguas, se tomará como base imponible la que figure en los Padrones de las Contribuciones Territoriales Rústica y Urbana. Si no figuraran en tales documentos, la base se determinará en función de la valoración realizada por técnicos municipales.
c) En las nuevas acometidas, por el número de viviendas, locales comerciales e industriales ubicados en cada inmueble.
d) En el servicio de limpieza de fosas sépticas y pozos negros, así como otros servicios previstos en esta Ordenanza, se abonará por el sujeto pasivo el coste del personal y material utilizado para la prestación del servicio.

**ARTÍCULO 7. TARIFAS.**

Se aplicarán las siguientes tarifas:

| | | EUROS |
|---|---|---|
| 1.1 | Inmuebles que dispongan de servicio domiciliario de agua: | |
| 1.1.1 | Cuota de disponibilidad del servicio para consumo doméstico, al trimestre | 1,27 |
| 1.1.2 | Por cada m.3 de agua consumida en usos domésticos, a partir de 18 m.2 | 0,14 |
| 1.1.2.1 | Primeros 18 m.3 consumidos en los mismos usos domésticos | 0,10 |
| 1.1.3 | Inmuebles y locales con actividad que genera un consumo no doméstico, por m.3 de agua consumida | 0,17 |
| 1.1.4 | Coeficiente de Vertido (EDAR BENS): | |
| 1.1.4.1 | Tarifa fija por uso doméstico, al mes | 0,50 |
| 1.1.4.2 | Tarifa fija por uso no doméstico, al mes | 0,50 |

- Que o suxeito pasivo sexa titular do contrato de subministro de auga con EMALCSA.
- Que o suxeito pasivo se encontre empadroado e resida na vivenda para a que solicita o beneficio.
- Os ingresos familiares entenderanse como ingresos na unidade convivencial, entendendo por tales os dos empadroados así como aqueles que residan habitualmente na vivenda e poidan xustificarse por calquera medio válido en Dereito. Ós efectos do cálculo dos ingresos consideraranse os do exercicio da solicitude da bonificación no caso de pensións ou prestacións sociais e os do exercicio anterior no caso de salarios ou outros rendementos. Estes exercicios serán os de comparación co IPREM.

**ARTIGO 6. BASE DE GRAVAME.**

A base do presente tributo virá determinada:

a) En canto ao servizo de rede de sumidoiros, depuración, vixilancia e inspección do que sexa particular, polo volume de auga consumida, medida por contador, segundo a facturación realizada polo servizo municipal de augas, coas medidas correctoras precisas cando existe unha manifesta desproporción entre o consumo de auga e o vertido á rede de sumidoiros.
b) En caso de que os predios ou actividades dispuxesen do servizo de rede de sumidoiros e non do servizo de augas, tomarase como base impoñible a que figure nos padróns das contribucións territoriais rústica e urbana. Se non figurasen en tales documentos, a base determinarase en función da valoración realizada por técnicos municipais.
c) Nas novas acometidas, polo número de vivendas, locais comerciais e industriais situados en cada inmoble.
d) No servizo de limpeza de fosas sépticas e pozos negros, así como outros servizos previstos nesta ordenanza, o suxeito pasivo aboará o custo do persoal e material utilizado para a prestación do servizo.

**ARTIGO 7. TARIFAS.**

Aplicaranse as seguintes tarifas:

| | | EUROS |
|---|---|---|
| 1.1 | Inmobles que dispoñan de servizo domiciliario de auga: | |
| 1.1.1 | Cota de dispoñibilidade do servizo para consumo doméstico, ao trimestre | 1,27 |
| 1.1.2 | Por cada m.3 de auga consumida en usos domésticos, a partir de 18 m.2 | 0,14 |
| 1.1.2.1 | Primeiros 18 m.3 consumidos nos mesmos usos domésticos | 0,10 |
| 1.1.3 | Inmobles e locais con actividade que xera un consumo non doméstico, por m.3 de auga consumida | 0,17 |
| 1.1.4 | Coeficiente de vertedura (EDAR BENS): | |
| 1.1.4.1 | Tarifa fixa por uso doméstico, ao mes | 0,50 |
| 1.1.4.2 | Tarifa fixa uso non doméstico, ao mes | 0,50 |

| | | |
|---|---|---|
| 1.1.4.3 | Tarifa variable por uso doméstico, por m3 de agua consumida | 0,28 |
| 1.1.4.4 | Tarifa variable por uso asimilable a doméstico, por m3 de agua consumida | 0,28 |
| 1.1.4.5 | Tarifa variable por uso no doméstico, por m3 de agua consumida | 0,35 |
| 1.1.5 | En aquellas actividades en que se justifique mediante la aportación de los estudios técnicos oportunos, la existencia de una manifiesta desproporción entre el volumen de agua consumida y la utilización del servicio de alcantarillado (por ej. fabricación de pan, bebidas y otras análogas), la tarifa que sea de aplicación se multiplicará por el coeficiente 0'6. | |
| 2 | Inmuebles que no disponen del servicio de abastecimiento de agua. Tipo de gravamen a aplicar sobre la base liquidable | 0,11 |
| 3 | Por cada acometida a la red general. Por cada vivienda o local ubicado en el inmueble | 18,20 |
| 4 | Limpieza de fosas sépticas y pozos negros, así como otros servicios que se presten por el Ayuntamiento en materia de alcantarillado; por la unidad gestora se formulará la cuenta de personal y material utilizado conforme a los datos facilitados por el Servicio de Alcantarillado, procediéndose a la liquidación correspondiente a las personas obligadas al pago. | |
| 5 | Permiso de vertido a la red municipal de acuerdo con la Ordenanza de Vertidos. | 300,00 |
| 6 | Por cada m3 de vertidos aguas pluviales de actividades comerciales, industriales o de servicios sometidos a autorización de vertidos a la Red Municipal de Saneamiento, que no cuentan con sistema separativo de aguas pluviales y fecales y que realicen vertidos a la red de aguas fecales | 0,14 |
| 7 | Vertidos no canalizados | |
| 7.1 | Vertido no canalizado de caudales menores a 3 m3 (Q ≤ 3 m3) | 15,15 |
| 7.2 | Vertido de caudales entre 3 m3 y 9 m3 (3 m3 < Q ≤9 m3) | 47,96 |
| 7.3 | Vertido de caudales entre 9 m3 y 15 m3 (9m3 < Q ≤ 15 m3) | 97,09 |
| 7.4 | Servicio de vaciado y transporte de fosas sépticas realizado por Edar Bens, S.A., por cada hora o fracción | 100 |

**ARTÍCULO 8. PERIODO IMPOSITIVO Y COBRANZA DE LAS CUOTAS.**

1. Las cuotas que resulten de la aplicación de las tarifas del epígrafe 1 del artículo anterior tendrán carácter trimestral y la liquidación se efectuará por el sistema de autoliquidación a través del recibo emitido por EMALCSA. Los plazos para la presentación de la autoliquidación y pago serán los mismos que los establecidos para el suministro de agua, en el art. 14

| | | |
|---|---|---|
| 1.1.4.3 | Tarifa variable por uso doméstico, por m3 de auga consumida | 0,28 |
| 1.1.4.4 | Tarifa variable por uso asimilable a doméstico, por m3 de auga consumida | 0,28 |
| 1.1.4.5 | Tarifa variable por uso non doméstico, por m3 de auga consumida | 0,35 |
| 1.1.5 | Naquelas actividades en que se xustifique, mediante a achega dos estudos técnicos oportunos, a existencia dunha manifesta desproporción entre o volume de auga consumida e a utilización do servizo de rede de sumidoiros (por ex. fabricación de pan, bebidas e outras análogas), a tarifa que sexa de aplicación multiplicarase polo coeficiente 0'6. | |
| 2 | Inmobles que non dispoñen do servizo de abastecemento de auga. Tipo de gravame que se aplicará sobre a base liquidable | 0,11 |
| 3 | Por cada acometida á rede xeral. Por cada vivenda ou local situado no inmoble | 18,20 |
| 4 | Limpeza de fosas sépticas e pozos negros, así como outros servizos que preste o Concello en materia de rede de sumidoiros; a unidade xestora formulará a conta de persoal e material utilizado conforme aos datos facilitados polo Servizo de Rede de sumidoiros, e procederase á liquidación correspondente ás persoas obrigadas ao pago. | |
| 5 | Permiso de vertido á rede municipal de acordo coa Ordenanza de Vertidos | 300,00 |
| 6 | Por cada m3 de vertidos augas pluviais de actividades comerciais, industriais ou de servizos sometidos a autorización de vertidos á Rede Municipal de Saneamento, que non contan con sistema separativo de augas pluviais e fecais e que realicen vertidos á rede de augas fecais | 0,14 |
| 7 | Vertidos non canalizados | |
| 7.1 | Vertido non canalizado de caudais menores a 3 m3 (Q ≤ 3 m3) | 15,15 |
| 7.2 | Vertido de caudais entre 3 m3 y 9 m3 (3 m3 < Q ≤9 m3) | 47,96 |
| 7.3 | Vertido de caudais entre 9 m3 y 15 m3 (9m3 < Q ≤ 15 m3) | 97,09 |
| 7.4 | Servizo de baleirado e transporte de fosas sépticas realizado por Edar Bens, S.A., por cada hora ou fracción | 100 |

**ARTIGO 8. PERIODO IMPOSITIVO E COBRANZA DAS COTAS.**

1. As cotas que resulten da aplicación das tarifas do epígrafe 1 do artigo anterior terán carácter trimestral e a liquidación efectuarase polo sistema de autoliquidación a través do recibo emitido por EMALCSA. Os prazos para a presentación da autoliquidación e pago serán os mesmos que os establecidos para o subministro de auga, no art. 14 da Ordenanza Fiscal

de la Ordenanza Fiscal núm. 5 Reguladora de la Tasa por suministro y utilización de agua potable en el término municipal de A Coruña.

2. Las cuotas liquidadas conforme a lo previsto en el epígrafe 2., se agruparán en un Padrón que se cobrará por año. En este supuesto, la cuota será irreducible y se devengará íntegramente el primer día del año natural, cualquiera que sea el momento en que se empiece a prestar el servicio.

3. Las cuotas correspondientes a los epígrafes 3 y 4, se recaudarán por ingreso directo cuando se solicite o produzca el aprovechamiento o la prestación del servicio, exigiéndose el depósito previo de su importe cuando sea posible determinar previamente su cuantía. Podrá establecerse el régimen de autoliquidación.

**ARTÍCULO 9. NORMAS DE GESTIÓN.**

1. Los propietarios de edificios y viviendas o, en su caso, los usuarios del servicio vienen obligados a presentar en las oficinas municipales las oportunas altas que originan la obligación de contribuir.

2. Igual obligación existirá en los cambios de titularidad de un edificio, vivienda o local y cuando se produzcan variaciones físicas o jurídicas que tengan trascendencia en el orden tributario.
   Los impresos correspondientes se facilitarán en la oficina municipal de información.

3. A efectos de aplicación de la tarifa 1, las altas y bajas que se produzcan en el servicio de aguas, surtirán efectos automáticos respecto de la tasa de alcantarillado y depuración.
   Cuando el alta, baja o variación del Padrón se deriva de solicitud o declaración presentada por el interesado y la liquidación resultante no modifica los datos consignados por el propio obligado tributario, no será necesaria la notificación expresa de la alteración.

4. Tratándose de inmuebles que no disponen de servicio domiciliario de agua, las altas surtirán efectos el mismo año en que se produzcan y las bajas en el año siguiente a aquel en que se declaren. Unas y otras deberán ser puestas en conocimiento de la oficina gestora de la tasa dentro de los quince días siguientes a aquél en que se produzcan.

5. Cuando la cobranza se realice conjuntamente con el servicio de aguas, las cuotas se entenderán notificadas a través del recibo emitido por EMALCSA.

6. La explotación, mantenimiento y conservación de la EDAR de Bens y emisario submarino, está encomendada a la Sociedad EDAR BENS, S.A., como medio propio municipal, según acuerdo del pleno de fecha 9 de diciembre de 2010. En consecuencia, en virtud no sólo de la potestad tarifaria del Ayuntamiento, y al tratarse de una sociedad mercantil sometida al régimen de derecho privado, la misma percibirá,

núm.5 Reguladora da taxa por subministro e utilización de auga potable no término municipal de A Coruña.

2. As cotas liquidadas conforme ao previsto no epígrafe 2., agruparanse nun Padrón que se cobrará por ano. Neste suposto, a cota non será reducible e xerarase integramente o primeiro día do ano natural, calquera que sexa o momento en que se empece a prestar o servizo.

3. As cotas correspondentes aos epígrafes 3 e 4 recadaranse por ingreso directo cando se solicite ou produza o aproveitamento ou a prestación do servizo, e esixirase o depósito previo do seu importe cando sexa posible determinar previamente a súa contía. Poderá establecerse o réxime de autoliquidación.

**ARTIGO 9. NORMAS DE XESTIÓN.**

1. Os propietarios de edificios e vivendas ou, se é o caso, os usuarios do servizo están obrigados a presentar nas oficinas municipais as oportunas altas que orixinan a obriga de contribuír.

2. Igual obriga existirá nos cambios de titularidade dun edificio, vivenda ou local e cando se produzan variacións físicas ou xurídicas que teñan transcendencia na orde tributaria.
   Os impresos correspondentes facilitaranse na oficina municipal de información.

3. Para os efectos de aplicación da tarifa 1, as altas e baixas que se produzan no servizo de augas, producirán efectos automáticos respecto da taxa de rede de sumidoiros e depuración.
   Cando a alta, baixa ou variación do Padrón se deriva da solicitude ou declaración presentada polo interesado e a liquidación resultante non modifica os datos consignados polo propio obrigado tributario, non será necesaria a notificación expresa da alteración.

4. Tratándose de inmobles que non dispoñen de servizo domiciliario de auga, as altas producirán efectos o mesmo ano en que se produzan e as baixas no ano seguinte a aquel en que se declaren. Unhas e outras deberán ser postas en coñecemento da oficina xestora da taxa dentro dos quince días seguintes a aquel en que se produzan.

5. Cando a cobranza se realice conxuntamente co servizo de augas, as cotas entenderanse notificadas a través do recibo emitido por EMALCSA.

6. A explotación, mantemento e conservación da EDAR de Bens e emisario submarino, está encomendada á Sociedade EDAR BENS, S.A., como medio propio municipal, segundo acordo do pleno de data 9 de decembro de 2010. En consecuencia, en virtude non só da potestade tarifaria do Concello, e ao tratarse dunha sociedade mercantil sometida ao réxime de dereito privado, a mesma percibirá, en concepto de prezo ou

en concepto de precio o contraprestación del servicio que presta, las tarifas relativas a los servicios señalados en el apartado 1.1.4 del artículo 7, con sujeción a las normas de derecho privado que le son de aplicación.

**ARTÍCULO 10. INFRACCIONES Y SANCIONES TRIBUTARIAS.**

En materia de calificación y sanción de las infracciones se estará a lo establecido en los artículos 178 y ss. de la Ley General Tributaria y en la Ordenanza General de Gestión.

**DISPOSICIÓN FINAL.**

La presente Ordenanza, que consta de diez artículos ha sido aprobada por el Pleno en sesión celebrada el 20 de octubre de 2017, entrará en vigor el día 1 de enero de 2018 y surtirá efectos en tanto no se acuerde su modificación o derogación.

contraprestación do servizo que presta, as tarifas relativas aos servizos sinalados no apartado 1.1.4 do artigo 7, con suxeición ás normas de dereito privado que lle son de aplicación.

**ARTIGO 10. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS.**

En materia de cualificación e sanción das infraccións estarase ao establecido nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e na Ordenanza Xeral de Xestión.

**DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente ordenanza, que consta de dez artigos, foi aprobada polo Pleno na sesión realizada o 20 de outubro do 2017 entrará en vigor o día 1 de xaneiro do 2018 e producirá efectos mentres non se acorde a súa modificación ou derrogación.